

CONVO- CATORIA RESI- DENCIAS PARAÍSO 2022

Resolución Residencias Paraíso 2022

Un ano máis, atravesamos o inspirador e estimulante proceso de selección das artistas que acompañaremos nesta sexta edición do programa de Residencias Paraíso. Un programa que vai medrando, pasiño a pasiño, grazas ao compromiso de espazos e institucións colaboradoras e que da conta do enorme talento que existe na comunidade adicada ás artes vivas no noso territorio.

Porque se algo temos aprendido neste tempo e é que a pluralidade, interese e pertinencia dos proxectos é contundente. Para nós, o proceso de selección é dos momentos máis estimulantes do ano. Facer un paseo polo conxunto de proxectos presentados significa entender a enorme capacidade de análise que a comunidade artística pon sobre a mesa arredor da nosa contemporaneidade, a ética e o rigor nos seus modos de facer, o compromiso e tenacidade coa que insisten en construír e alimentar o seu lugar, as artes vivas, de todas elas e de todas nós.

Comisión

Como vén sendo habitual, a comisión estivo formada por cinco persoas: **Nuria Sotelo** (bailarina e creadora galega, responsable de A Casa Vella), **Marta Valverde** (artista visual galega e artista Paraíso 2021) e **Iara Solano** (artista, produtora escénica e comisaria independente vasca) como **profesionais independentes** e **Caterina Varela** (directora Residencias Paraíso) e **Rut Balbís** (co-coordinadora Residencias Paraíso) por **Colectivo RPM**. Xuntas, levamos a termo a difícil tarefa de enunciar e defender os criterios que fixeron posible atopar o equilibrio no conxunto de artistas Paraíso 2022.

Dotación

Os proxectos recibirán un apoio de **entre 1.800 e 3.000 euros ata un total de 20.000 euros** cos que se activa a convocatoria 2022.

Artistas

Comezaremos o programa coa residencia combinada do **Centro Coreográfico Galego** e o **Teatro Rosalía de Castro** en A Coruña que acollerán o proceso de creación da portuguesa **María R. Soares** titulado *Void Void Void*. A artista –acompañada polo músico Antonio Marotta– traballará nunha performance coreográfica e sonora nunha tentativa de crear unha paisaxe cósmica onde son, espazo e xesto se dilúen nunha soa materia.

O verán comezará co acompañamento do proceso de investigación *Vaivén* da bailarina e creadora galega **Marcia Vázquez** na primeira das residencias combinadas entre a **Cidade da Cultura** e o **Salón Teatro / CDG** en Santiago de Compostela. Esta investigación achégase á física cuántica para comprender dunha maneira máis honesta os movementos ondulatorios do corpo facendo dialogar a ciencia, a danza e o son e conta co acompañamento da artista transmedia Acacia Ojea.

Collerán o relevo, na **Cidade de Cultura** e o **Salón Teatro / CDG** de Santiago de Compostela, o colectivo de arte de acción **Pura y Fachada** formado pola galega Eva Antelo e a andaluza Sara Gema Domínguez co seu proxecto *ser, estar, parecer: atributos del verbo artístico*. Na súa investigación pretenden desenvolver múltiples accións performativas, públicas e espontáneas, a cabalo entre a cotidianidade, a democratización do arte e a hibridación arte-vida.

Pola súa banda, a parella de artistas formada polo galego **Federico Vladimir** e o madrileño **Pablo Lilienfeld** –afincados ambos en Bruselas– levarán a diante a residencia que facemos en diálogo coa **Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia**. O seu proxecto *Mónica* é unha autobiografía especulativa no que o xogo tórnase ferramenta para re-imaxinarse, expandindo o relato coñecido ao tempo que a xenealoxía desborda cara o futuro.

En agosto, o **Pazo da Cultura de Carballo** será o espazo anfitrión da residencia da artista brasileira afincada en Madrid **Natalia Fernandes**. Baixo o título *¿Podemos hablar de Caetano?*, a artista propón unha creación a cabalo entre un álbum de música, unha conversa e unha coreografía, apoiándose no universo poético do cantante Caetano Veloso.

Xa no mes de setembro, acompañaremos o proceso de creación de *Proto* da creadora galega **Janet Novás** na residencia do **Pazo da Cultura de Narón**. Nesta residencia a creadora quere profundizar no traballo do corpo dende a súa relación co son, a iluminación, os obxectos e o propio movemento. Logo dunha traxectoria na que o seu propio corpo encarnaba as súas creacións, en *Proto* propónse investigar nunha peza colectiva na que dialogue dende a dirección con outras persoas convidadas ao proceso.

No **Centro Torrente Ballester de Ferrol** acompañaremos a residencia de creación das artistas andaluzas **Hermanas Gestring** no seu décimo aniversario de compañía co seu proxecto *Hacer Amor*. Unha sorte de musical escénico que coloca o Amor –con maiúsculas– no centro; unha oda ao afecto como o verdadeiro motor da súa práctica.

Rematamos o programa no **Vello Cárcere de Lugo** para a residencia de **Fernando Epelde**, creador galego afincado en Berlín que estará traballando no seu proxecto *La balada de Clippy*. Neste proxecto, o creador propón unha odisea épica a través do editor de texto, investigando as posibilidades dramáticas e escénicas desta ferramenta de ofimática e os significado do concepto de “texto teatral” na época do posdrama, nun formato a cabalo entre a conferencia performativa e o concerto.

Resumo artistas, datas e espazos

María R. Soares	<i>Void Void Void</i>	Centro Coreográfico Galego + Teatro Rosalía de Castro A Coruña
Marcia Vázquez	<i>Vaivén</i>	Cidade da Cultura + Salón Teatro / CDG Santiago de Compostela
Pura y Fachada	<i>ser, estar, parecer: atributos del verbo artístico</i>	Cidade da Cultura + Salón Teatro / CDG Santiago de Compostela
Federico Vladimir e Pablo Lilienfeld	<i>Mónica</i>	Igrexa da Madalena de Ribadavia Mostra Internacional de Teatro (MIT)
Natalia Fernandes	<i>¿Podemos hablar de Caetano?</i>	Pazo da Cultura de Carballo
Janet Novás	<i>Proto</i>	Pazo da Cultura de Narón
Hermanas Gestring	<i>Hacer Amor</i>	Centro Torrente Ballester de Ferrol
Fernando Epelde	<i>La balada de Clippy</i>	Vello Cárcere de Lugo

Un programa interinstitucional

Residencias Paraíso é un programa de residencias artísticas impulsado dende **Colectivo RPM** que conta co apoio da **Xunta de Galicia** a través da **Axencia Galega das Industrias Culturais**, e das distintas institucións co-productoras do programa, o Concello de Santiago, o Concello da Coruña, o Concello de Lugo, o Concello de Ferrol, o Concello de Carballo, a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, así como coa colaboración fundamental dos distintos espazos cómplices.

Grazas a todas as persoas e institucións que lle dan corpo a este programa que inicia hoxe e que nos ilusiona tanto coma sempre.

4 de abril de 2022

Equipo Colectivo RPM

Caterina Varela, directora Residencias Paraíso

Félix Fernández, co-coordinador Residencias Paraíso

Rut Balbís, co-coordinadora Residencias Paraíso

Alexis Fernández, produción Residencias Paraíso

Sabela Ramos, oficina Colectivo RPM